

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Abril 2009

NOTA DE PRENSA

En abril de 2009 os prezos dos bens exportados e importados en Galicia diminuíron en termos interanuais un 0,3% e un 8,7% respectivamente

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia diminuíron un 0,3% en abril de 2009 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos experimentaron unha diminución interanual do 8,7%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados diminuíron un 1,8% e os dos importados un 9,8%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de equipo e bens intermedios foi do 9,8% e do 2,4% respectivamente. Pola contra, os prezos dos bens de consumo diminuíron un 3,4%.

Nas importacións, os prezos dos bens de equipo de dos bens de consumo aumentaron con respecto a abril de 2008 un 6,4% e un 2,5%. Os prezos dos bens intermedios diminuíron un 13,3%.



Índices de valor unitario para o comercio exterior. Abril 2009

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
ÍNDICE XERAL	-0,3	-1,8	ÍNDICE XERAL	-8,7	-9,8
Bens de consumo	-3,4	-3,6	Bens de consumo	2,5	3,4
Bens de equipo	9,8	15,9	Bens de equipo	6,4	-17,6
Bens intermedios	2,4	-3,4	Bens intermedios	-13,3	-13,4

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un incremento interanual do 5,6% para os bens con destino a países non pertencentes á OCDE. Os prezos dos bens con destino a UE-25 e a OCDE diminuíron un 1,3% e un 1,2% respectivamente.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE diminuíron un 6,1% e os procedentes do resto de países un 13,6%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Abril 2009

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	-0,2	-2,8	UEM	-4,7	-6,3
UE-25	-1,3	-3,9	UE-25	-6,4	-8,4
OCDE	-1,2	-2,6	OCDE	-6,1	-10,1
Resto de países	5,6	2,7	Resto de países	-13,6	-8,7

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>